

Recomendación dirixida ao Concello de Lugo debido aos ruídos dunha instalación

Expediente: C.6.Q/29365/17

Relacionado cos C.6.Q/13930/17 e C.6.Q/22228/17

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2018

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] e [REDACTED] referente aos ruídos dunha instalación de Lugo.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indicánnos que sofren problemas de ruídos dunha maquinaria. Non se xustifican na licenza. O técnico de ruídos observa que as unidades condensadoras teñen os apoios conectados co forxado e paredes do recinto onde se sitúan. Sendo unha parede medianeira desexa explicación sobre o illamento e se a colocación é a correcta nunha parede medianeira con outra vivenda, que está a manifestar unha e outra vez molestias producidas pola transmisión de ruídos pola parede. O concello sinala que a medición é negativa (36 Db); porén, o límite é de 35 Db. Seguen sufrindo todos os días, cada vez máis, os problemas de saúde ocasionados polo ruído.

2. Ante iso requirimos información ao Concello de Lugo, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

"... Con data do 26 de xuño de 2017... resolve iniciar o procedemento de control posterior da actividade comunicada, ordenando a inspección do establecemento por parte dos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións de funcionamento e a adecuación á normativa vixente. A inspección das instalacións da actividade realizouse os días 13 e 27 de xullo de 2017, dando lugar os seguintes informes dos técnicos municipais:

- Informe do Aparellador municipal, emitido o día 28 de xullo de 2017, do seguinte teor: "REFERENCIA: VC17-17 PROMOTOR: Adeslas Dental, S.A. SITUACIÓN: Rúa San Marcos nº 29, baixo DESCRIPCIÓN DE LA ACTIVIDAD: Consultorio Dental FECHA DE LA INSPECCIÓN: 13 y 27 de julio de 2017. Realizada visita de inspección de la actividad de referencia, se comprobó que las instalaciones a la vista se ajustan al proyecto y documentación aportada".

- Informe emitido polo Enxeñeiro Técnico Industrial municipal, o día 24 de agosto de 2017: "Sobre las 9:30 horas del día 27/17/2017, el técnico que suscribe se persona en la clínica dental perteneciente a Adeslas Dental S.L, situada en el bajo número 27 de San Marcos, con el fin efectuar inspección en el recinto de maquinaria de las unidades de aire acondicionado, complementando de esta forma la inspección del 13/17/2017. Con los datos obtenidos de la inspección, así como de los antecedentes se redacta el siguiente informe: Antecedentes. 1°. La maquinaria de aire acondicionado consiste en 4 unidades condensadoras con sus correspondientes conductos de circulación del fluido refrigerante. Cada una de estas unidades se haya apoyada en una bancada de inercia de soportes elásticos. Todo el conjunto se haya soportado por un bastidor de perfilaría metálica. 2°. Hay que señalar que esta instalación fue sometida recientemente a unos trabajos con el fin de mejorar el aislamiento acústico de la misma. Dichos trabajos consistieron principalmente: En primer lugar en dotar a las paredes del recinto de paneles de yeso laminado. En segundo lugar, con el fin de desolidarizar los elementos vibrátiles, las 4 máquinas condensadoras de aire acondicionado, se las dotó a cada una de una bancada flotante independiente y a los conductos de las mismas encamisados en un material aislante. 3°. El día 16 de Junio de 2017, aproximadamente entre las 11 y las 12:30 horas se realizaron pruebas de medida de ruido de la maquinaria, con el fin de comprobar el grado de efectividad de las medidas llevadas a cabo por la titularidad mediante la realización de medidas de niveles sonoros en el dormitorio de la vivienda .... Analizando los resultados de estas medidas acústicas se observó que los niveles de ruido evaluados estaban dentro de los límites admisibles por la norma reguladora (RO 136712007, por la que se aprueba el reglamento de desarrollo de la ley 3712003 del ruido). Conclusiones: Las medidas correctoras ejecutadas sobre la fuente vibrátil (maquinaria de aire acondicionado) redujeron el ruido transmitido con respecto a anteriores mediciones. Si bien, de los resultados de la evaluación realizada el 16/16/2017, se deduce que los niveles sonoros transmitidos por la instalación de aire acondicionado se encuentran dentro de los límites, sería aconsejable no obstante disminuirlos, con lo que se conseguiría dos ventajas: Un mayor nivel de confort para los residentes de la vivienda ... Una mayor seguridad jurídica para la titularidad de la instalación, ya que permitiría compensar cualquier variación que, por el envejecimiento de la maquinaria, pudiera producirse con el transcurso del tiempo, aumentando el margen de seguridad. De la última inspección realizada se observó que la maquinaria de aire acondicionado es susceptible de mejora en el aislamiento por vía estructural sin disminuir la funcionalidad de la misma. Así por ejemplo, el bastidor que soporta las cuatro unidades condensadoras de aire acondicionado, tiene los apoyos conectados con el forjado y paredes del propio recinto donde se ubican, por lo que el conjunto vibratorio máquina-bancada-bastidor es susceptible de aumentarle el aislamiento antivibratorio, sustituyendo estos apoyos rígidos por suspensiones elásticas, desligando todos y cada uno de los contactos con las paredes del recinto y revisando los conductos del fluido refrigerante, y en caso de existir algún punto de contacto con los elementos constructivos aumentar la separación, interponer materiales elásticos, o en caso de estimarse necesario interponer en estos conductos conectores elásticos. Las medidas

anteriores no agotan todas las posibilidades de actuación sobre esta instalación. Medidas propuestas: Por todo lo señalado anteriormente el técnico que suscribe entiende que se deberían requerir a la titularidad a realizar las actuaciones para mejorar el aislamiento antivibratorio de la maquinaria de aire acondicionado o cualquier otra medida de equivalente eficacia. Para la ejecución de esta mejora el técnico que suscribe propone un plazo de 3 meses. Observaciones. Si bien la realización de los trabajos antes indicados no es de una ejecución compleja, el técnico que suscribe recomienda que éstos sean realizados por personal con experiencia en estas labores. Por lo que se refiere al resto de dotaciones del establecimiento, se remite al informe del aparejador”.

Tendo en conta o resultado das inspeccións realizadas, o 25 de setembro de 2017, foi realizada notificación ó titular da actividade na que se recollen os informes emitidos e anteriormente transcritos, indicándolle que no prazo máximo de tres meses, proceda a adoptar as medidas correctoras propostas no informe transcrito do Enxeñeiro Técnico Industrial municipal, estas medidas non agotan tódalas posibilidades de actuación sobre esta instalación, podendo adoptar, por personal cualificado, calquera outra medida de equivalente eficacia. Unha vez executadas as medidas indicadas, deberá poñelo en coñecemento do Concello. En calquera caso, no prazo tres meses será ordenada a realización dunha nova inspección por parte do Concello". Transcorrido o prazo de emenda, sen que o interesado realizase ningunha actuación, notifícaselle que se ordenou a realización de nova inspección, que se levará a cabo polos técnicos municipais o día 6 de marzo de 2018, as 9:30 horas”.

3. O concello ordenou ao titular da actividade que executara medidas correctoras, pero despois do prazo dado non comunicou ningunha actuación, polo que o concello faría nova inspección. Posteriormente non recibimos nova comunicación, polo que de novo dirixímonos ao concello co fin de requirir que con urxencia facilitara información complementaria, que xa remitiu. Sinala o seguinte:

“... Complétase a información co informe emitido polo Aparellador e polo Enxeñeiro Técnico Industrial municipais, en data 13 de marzo de 2018, en contestación a dito escrito, así como co decreto número 18002524, de 23 de marzo de 2018, ditado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, mediante o cal se resolve poñer fin ó proceso de control posterior da actividade de consultorio dental co resultado de inspección favorable”.

“... INFORME 1. En primer lugar y por lo que se refiere al ajuste de las instalaciones al RITE-RO 1027/2007 (reglamento de instalaciones térmicas en los edificios), se justifica su cumplimiento en la documentación técnica. Y en caso de ser sometidas a control estas instalaciones de acuerdo con el artículo 29 de la precitada norma, la competencia sería en

todo caso del organismo con competencia en materia de industria de la Comunidad Autónoma. 2. Por lo que respecta a las intervenciones del aparejador municipal que suscribe se realizaron los siguientes informes: a) Relativos a comunicaciones de obras y de actividad: - Con fecha 11-5-2012 se informó favorablemente la actividad de consultorio dental. - Con fecha 29-5-2017 se consideró eficaz la documentación aportada en la comunicación de obra de "aislamiento acústico y trabajo de mantenimiento de la maquinaria de climatización de la clínica dental existente". - Con fecha 16/6/2017 se informa la nueva documentación técnica relativa a la comunicación de obras. b) Relativos a inspecciones: - El día 28 de julio de 2017 se emitió informe favorable de inspección realizada los días 13 y 27 de julio de 2017. - En fecha 9 de marzo de 2018 se emitió de nuevo informe favorable de inspección realizada el día 6 de marzo de 2018. 3. Entre la medición positiva realizada por los interesados (en un decibelio), en 10 febrero de 2017 y la realizada por el ingeniero técnico que suscribe en junio de 2017 (negativa en 4 decibelios), se habían llevado a cabo, por parte de la titularidad (Adeslas Dental S.A.), obras de mejora del aislamiento acústico en el recinto de unidades condensadoras de aire acondicionado. 4. El técnico competente, que es el facultativo (proyectista) [REDACTED] (Ing. Téc. Industrial), mediante documentación técnica aportada, acredita el aislamiento del habitáculo con respecto a la vivienda de los interesados, la colocación de la maquinaria y, en definitiva, quien garantiza expresamente que en "ningún momento los niveles de ruido emitidos por el local a la vivienda más afectada superarán los límites municipales". 5. Por lo que se refiere a las unidades condensadoras hay que señalar que están soportadas por bancadas de inercia prefabricadas y modulares (modelo Inavibratic, según documentación técnica) y estas a su vez se apoyan en una estructura de perfilera metálica, la cual está apoyada a su vez en el suelo y las paredes del propio recinto y una de ellas en la pared de la propia clínica (zona de servicios) pero, aparentemente, no directamente en la pared medianera de la vivienda de los interesados. 6. El límite sonoro en un dormitorio con uso residencial en horario diurno es, según el RO 1367/2007 y para el parámetro  $L_{kq,ti}$ , no superior a 40 decibelios. Los 36 dB evaluados en la inspección de junio de 2017 son inferiores a ese límite. Además este nivel sonoro corresponde con el funcionamiento simultáneo de las 4 unidades condensadoras. Por lo que se refiere a los ruidos de baja frecuencia, su valoración ya se encuentra incluida en el valor final de 36 dB, con una penalización de 6 dB.

"DECRETO NÚMERO 18002524 DO 23/03/2018 Vista a proposta do Servizo de Licenzas obrante no expediente, na parte expositiva do cal faise consta-lo seguinte: "En relación coa actividade de consultorio dental sita na rúa San Marcos número 29 baixo, da que é titular ADESLAS DENTAL, S.A., con data do 26 de xuño de 2017, mediante decreto número 17005918, tomouse razón da comunicación con número 1244/17, presentada o 15 de xuño de 2017, respecto a cambios relativos ás condicións ou características da actividade autorizada na licenza de apertura 232/12, trala finalización das obras comunicadas o 28 de abril de 2017, no expediente 2712/17. No mesmo acto, resolveuse iniciar o procedemento de control posterior da actividade comunicada, ordenando a inspección do establecemento

por parte dos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións de funcionamento e a adecuación á normativa vixente e cantos requisitos correspondan, no marco da documentación presentada xunto coa comunicación previa. Levada a cabo a inspección da actividade nas datas sinaladas a tal fin e notificadas á titular da actividade, o Aparellador municipal informou que as instalacións se axustan ó proxecto e documentación aportada. Pola súa parte, o Enxeñeiro Técnico Industrial municipal emitiu o seguinte informe: "Sobre las 9:30 horas del día 27/7/2017, el técnico que suscribe se persona en la clínica dental perteneciente a Adeslas Dental S.L., situada en el bajo número 27 de San Marcos, con el fin efectuar inspección en el recinto de maquinaria de las unidades de aire acondicionado, complementando de esta forma la inspección del 13/7/2017. Con los datos obtenidos de la inspección, así como de los antecedentes se redacta el siguiente informe: A. Antecedentes. 1º. La maquinaria de aire acondicionado consiste en 4 unidades condensadoras con sus correspondientes conductos de circulación del fluido refrigerante. Cada una de estas unidades se haya apoyada en una bancada de inercia de soportes elásticos. Todo el conjunto se haya soportado por un bastidor de perfilaría metálica. 2º. Hay que señalar que esta instalación fue sometida recientemente a unos trabajos con el fin de mejorar el aislamiento acústico de la misma. Dichos trabajos consistieron principalmente: - En primer Jugar en dotar a las paredes del recinto de paneles de yeso laminado. - En segundo Jugar, con el fin de desolidarizar los elementos vibrátiles, las 4 máquinas condensadoras de aire acondicionado, se las dotó a cada una de una bancada flotante independiente y a los conductos de las mismas encamisados en un material aislante. 3º. El día 16 de junio de 2017, aproximadamente entre las 11 y las 12:30 horas se realizaron pruebas de medida de ruido de la maquinaria, con el fin de comprobar el grado de efectividad de las medidas llevadas a cabo por la titularidad mediante la realización de medidas de niveles sonoros en el dormitorio de la vivienda ... Analizando los resultados de estas medidas acústicas se observó que los niveles de ruido evaluados estaban dentro de los límites admisibles por la norma reguladora (RO 1367/2007, por la que se aprueba el reglamento de desarrollo de la ley 37/2003 del ruido). B. Conclusiones: Las medidas correctoras ejecutadas sobre la fuente vibrátil (maquinaria de aire acondicionado) redujeron el ruido transmitido con respecto a anteriores mediciones. Si bien, de los resultados de la evaluación realizada el 16/6/2017, se deduce que los niveles sonoros transmitidos por la instalación de aire acondicionado se encuentran dentro de los límites, sería aconsejable no obstante disminuirlos, con lo que se conseguiría dos ventajas: - Un mayor nivel de confort para los residentes de la vivienda ... - Una mayor seguridad jurídica para la titularidad de la instalación, ya que permitiría compensar cualquier variación que, por el envejecimiento de la maquinaria, pudiera producirse con el transcurso del tiempo, aumentando el margen de seguridad. De la última inspección realizada se observó que la maquinaria de aire acondicionado es susceptible de mejora en el aislamiento por vía estructural sin disminuir la funcionalidad de la misma. Así por ejemplo, el bastidor que soporta las cuatro unidades condensadoras de aire acondicionado, tiene los apoyos conectados con el forjado y paredes del propio recinto donde se ubican, por lo que el conjunto vibratorio máquina-bancada-

bastidor es susceptible de aumentarle el aislamiento antivibratorio, sustituyendo estos apoyos rígidos por suspensiones elásticas, desligando todos y cada uno de los contactos con las paredes del recinto y revisando los conductos del fluido refrigerante, y en caso de existir algún punto de contacto con los elementos constructivos aumentar la separación, interponer materiales elásticos, o en caso de estimarse necesario interponer en estos conductos conectores elásticos. Las medidas anteriores no agotan todas las posibilidades de actuación sobre esta instalación. C. Medidas propuestas: Por todo lo señalado anteriormente el técnico que suscribe entiende que se deberían requerir a la titularidad a realizar las actuaciones para mejorar el aislamiento antivibratorio de la maquinaria de aire acondicionado o cualquier otra medida de equivalente eficacia. Para la ejecución de esta mejora el técnico que suscribe propone un plazo de 3 meses. D. Observaciones. Si bien la realización de los trabajos antes indicados no es de una ejecución compleja, el técnico que suscribe recomienda que éstos sean realizados por personal con experiencia en estas labores. Por lo que se refiere al resto de dotaciones del establecimiento, se remite al informe del aparejador”.

Con data do 25 de setembro de 2017, notificouse á titular da actividade o contido do informe emitido polo Enxeñeiro Técnico Industrial municipal, o 24 de agosto de 2017, ós efectos de que, no prazo máximo de tres meses, procedese a adoptar as medidas correctoras propostas no mesmo, consistentes na mellora do illamento por vía estrutural da maquinaria de aire acondicionado, podendo adoptar, por persoal cualificado, calquera outra medida de equivalente eficacia, e debendo poñelo en coñecemento do Concello unha vez executadas. Transcorrido o prazo, foi ordenada a realización dunha nova inspección, para a cal os técnicos municipais sinalaron o día 6 de marzo de 2018, o que lle foi notificado ó titular da actividade que, en escrito presentado o 19 de febreiro de 2018, indicou que non adoptaron as medidas de mellora propostas polo Concello, xa que conforme a última medición acústica realizada por parte dos técnicos municipais, o consultorio Adeslas Dental se atopa dentro dos niveis de ruído permitidos segundo normativa vixente. Añadindo que, ademais, segundo informes dos técnicos de mantemento de Adeslas Dental, estas medidas non reducen en consideración os niveis de rúidos sen que se vexa afectada cun cambio completo en toda a instalación da clínica. Como consecuencia da inspección xirada, o Aparellador municipal, o 9 de marzo de 2018, emitiu informe no que indicou que as instalacións á vista se axustan ó proxecto e documentación aportada. Pola súa parte, o Enxeñeiro Técnico Industrial municipal informou:

"Se presenta escrito por Adeslas Dental S.A.U, con fecha de entrada en registro municipal del día 19/2/2019 en el que se indica que no se han adoptado las medidas propuestas. Realizada sobre las 9:30 horas del día 6 de marzo de 2018 visita de inspección a la clínica dental perteneciente a Adeslas Dental, S.A.U. se constata este hecho. Dado que estaba presente en la inspección un técnico de mantenimiento del equipo de aire acondicionado, se le pide que incremente el funcionamiento del equipo de aire acondicionado (en la función de calor).

Para poder valorar el nivel sonoro del aire acondicionado el técnico que suscribe se traslada a la vivienda ..., al dormitorio trasero por ser la dependencia más afectada, donde se evalúa el nivel transmitido por esta instalación, dando unos resultados, que no superaban los límites admisibles para un dormitorio en horario diúrno, que es en el que funciona esta instalación (de 8 a 22 horas). Por lo anteriormente señalado el técnico que suscribe entiende que, si bien respecto a esta instalación de aire acondicionado se habían propuesto unas medidas adicionales de aislamiento acústico, dado que en las mediciones efectuadas no se superaban los límites máximos admisibles para el horario diúrno, hasta la fecha no existen suficientes fundamentos para mayores exigencias dado que no se tiene constancia de ninguna superación de los niveles sonoros desde la realización de las obras de mejora, sin perjuicio de que ante una eventual superación contrastada de estos límites se exijan medidas correctoras adicionales. La titularidad de la actividad deberá velar por el mantenimiento óptimo de estas instalaciones, con el fin de que no generen niveles sonoros por encima de los límites legales (40 dB)".

Vista a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e o Decreto 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. Tendo en conta que os informes favorables emitidos polos técnicos municipais, como consecuencia da inspección de control posterior da actividade, e de conformidade co establecido no artigo 87 do Decreto 144/2016, procede: PRIMEIRO.- Dar por finalizado o proceso de control posterior co resultado de inspección favorable, da actividade de clínica dental sita na rúa San Marcos número 29 baixo, da que é titular ADESLAS DENTAL, S.A., segundo comunicación presentada o 15 de xuño de 2017, tras finalizar as obras comunicadas o 28 de abril de 2017, consistentes en traballos de mantemento en habitáculo existente en cuberta, destinado ós equipos de aire acondicionado do consultorio dental con licenza de apertura 232/12, con mellora de illamento acústico do recinto, de conformidade cos informes emitidos polos técnicos municipais como consecuencia da inspección xirada o 6 de marzo de 2018. CARACTERISTICAS DA ACTIVIDADE: Superficie 227,13 m2 Referencia catastral: 7734001PH1673F0001OA. Recórdase que a actividade, durante todo o seu exercicio, deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable e a comunicación eficazmente realizada. O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa. A actividade comunicada poderá ser inspeccionada durante todo o tempo que dure o exercicio da mesma e levarase a cabo polos servizos técnicos municipais. A non realización da actividade por período ininterrompido dun ano, facultará á Administración para declarar a caducidade da licenza. SEGUNDO.- Dar traslado da resolución a ADESLAS DENTAL, S.A., titular da actividade, e a [REDACTED], representante de [REDACTED] e [REDACTED], interesados no procedemento, para o seu coñecemento e oportunos efectos".

En virtude do establecido pola Xunta de Goberno Local, no seu acordo 4/455, do 7 de xullo de 2015, no que se regula a aprobación do réxime competencial da Xunta de Goberno Local, delegación de atribucións e réxime de substitución dos seus membros. RESOLVO: PRIMEIRO.- Dar por finalizado o proceso de control posterior co resultado de inspección favorable, da actividade de clínica dental sita na rúa San Marcos número 29 baixo, da que é titular ADESLAS DENTAL, S.A., segundo comunicación presentada o 15 de xuño de 2017, tras finalizar as obras comunicadas o 28 de abril de 2017, consistentes en traballos de mantemento en habitáculo existente en cuberta, destinado ós equipos de aire acondicionado do consultorio dental con licenza de apertura 232/12, con mellara de illamento acústico do recinto, de conformidade cos informes emitidos polos técnicos municipais como consecuencia da inspección xirada o 6 de marzo de 2018.

CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE: Superficie 227,13 m2 Referencia catastral: 7734001PH1673F0001OA. Recórdase que a actividade, durante todo o seu exercicio, deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable e a comunicación eficazmente realizada. O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa. A actividade comunicada poderá ser inspeccionada durante todo o tempo que dure o exercicio da mesma e levarase a cabo polos servizos técnicos municipais. A non realización da actividade por período ininterrompido dun ano, facultará á Administración para declarar a caducidade da licenza. SEGUNDO.- Dar traslado da resolución a ADESLAS DENTAL, S.A., titular da actividade, e a [REDACTED] representante de [REDACTED] e [REDACTED], interesados no procedemento, para o seu coñecemento e oportunos efectos...”.

#### ANÁLISE

1. A entidade afectada non cumpriu o requirido polo concello o 25 de setembro de 2017 (que en tres meses adoptara as medidas correctoras propostas no informe municipal, consistentes na mellora do illamento por vía estrutural da maquinaria de aire acondicionado, podendo adoptar calquera outra medida de equivalente eficacia). A entidade transmitiu ao concello que non adopta as “medidas propostas” por entender que se trata de medidas voluntarias e porque as medicións realizadas non sobrepasan os niveis permitidos en horario diúrno (40 DB). O concello deu por boa esa posición, posto que arquiva o procedemento e sinala que as medicións se atopan dentro do marxe da normativa para o horario diúrno.

2. A necesidade de control continuado das actividades dedúcese da natureza das súas licenzas, de funcionamento, o que obriga aos concellos a facer unha vixilancia continuada dos establecementos con licenza dese tipo. As actividades precisan unha licenza municipal, mesmo agora que o seu trámite cambiou para permitir que sexa o promotor o que aporte o teórico cumprimento das normas; é mais, é precisamente agora cando mais se necesita un



adecuada actuación municipal, posto que en caso contrario o risco para o cidadán sería moi grande.

A través do control continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra. As licenzas deben garantir a ausencia de prexuízos ao longo da vida da actividade. Co seu outorgamento non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza de funcionamento.

3. As licenzas de funcionamento se diferencian das urbanísticas en que non son regladas, non esgotan os seus efectos no momento do seu outorgamento, e a súa marxe de apreciación para a preservación do interese público é mais ampla. Iso é importante aos efectos do suposto que tratamos; nel o concello en primeiro termo requiriu formalmente unha mellora (o que na terminoloxía do anterior RAMINP eran “medidas correctoras”), pero despois, en contra dos seus propios actos, desdiciábase do requirido e deu por boa a negativa dos responsable da actividade á mellora da instalación para reducir os ruídos continuos e evitables.

4. Os niveis de ruído previstos na normativa son máximos, isto é, non deben sobrepasarse. Iso significa que unha fonte de ruído que está próxima ao máximo e é continua e evitable debería corrixirse, posto que calquera ruído engadido e non evitable levaría a frecuentes incumprimentos. Ademais, tal e como sinalan os informes que dan orixe ao requirimento de corrección, os ruídos permanentes son perfectamente evitable coas actuacións requiridas. Os afectados non teñen a obriga de soportalos ruídos xerados pola instalación. E o seu carácter continuado os fan contrarios ao interese público.

5. A apreciación do anterior é o que levou ao concello, no exercicio lexítimo das súas funcións, a realizar o requirimento de corrección; ese requirimento é lexítimo e mesmo obrigado debido ao sinalado nos anteriores puntos no relativo á natureza das licenzas de funcionamento e ao seu marxe de apreciación respecto da garantía do interese público, especialmente o dos veciños inmediatos. A licenza que tratamos é de funcionamento, polo que o concello conta coa marxe adecuada para requirir as medidas precisas (motivadas e proporcionadas, como neste caso) para o mantemento do interese público.

6. As persoas que promoveron a queixa están demandando a preservación de dereitos fundamentais, os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e tamén reclaman a preservación doutros dereitos constitucionais, como a protección da saúde (art. 43.1) e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e

á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2), polo que o cumprimento das obrigas da administración municipal ten que ser rigoroso.

### CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Lugo a seguinte recomendación:

*Que se requiran de novo as medidas correctoras da instalación que xa foran requiridas antes para diminuír o nivel de ruído provocado e transmitido pola instalación obxecto da queixa, e que se adopten as medidas precisas para o seu cumprimento.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo